

## EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 6, 44-51

Naquel tempo, díxolle Xesús á xente:

– «Ninguén pode vir onda min se non o trae o Pai que me mandou, e eu resucitareino no derradeiro día.

Está escrito nos Profetas: “Todos serán ensinados por Deus”; todo aquel que escoita ó Pai e aprende, vén onda min. Non porque alguén vise ó Pai; o único que viu ó Pai é o que estaba onda Deus.

Con toda verdade volo aseguro: quen cre, ten vida eterna.

Eu son o pan da vida. Os vosos pais comeron o maná no deserto, pero morreron. Este é o pan que baixa do ceo, para que quen coma del non morra.

Eu son o pan vivo que baixou do ceo: se alguén come deste pan, vivirá para sempre; e o pan que eu darei é a miña carne, para a vida do mundo.»